<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Mercado de traballo	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e a globalización	PE	70
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais, fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais.		
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico.	TI	30
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> <li>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Indicadores económicos básicos. Comercio internacional e globalización	14



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, e o benestar social valorando o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	PE	70
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica		
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Analizar a escaseza de recursos e a pobreza		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e a globalización		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais		
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico.	TI	30
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analizar como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> <li>- Teorías sobre o decrecemento económico.</li> <li>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Política fiscal e presupostos públicos	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica	PE	70
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía e analizando algún dos elementos que interveñen nas decisións financeiras		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e a globalización.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais		
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico.		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas	TI	30
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas propias do estado do benestar		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> <li>- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.</li> <li>- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.</li> <li>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Política monetaria	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	PE	70
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e a globalización.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais		
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico.		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas	TI	30
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.</li> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.</li> <li>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Enténdese por metodoloxía o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos do segundo apartado deste documento.

Os modelos didácticos empregados deberán ter un carácter provisional, adaptándose ás necesidades dos estudantes, tanto nunha mesma aula como ao longo do tempo. Por isto, e coa fin última de chegar á maior cantidade de alumnado posible, empregaranse varios métodos de ensinanza simultaneamente ao longo de todas as unidades.

Por un lado, farase uso dunha metodoloxía maxistral expositiva, que como docente permita pautar mellor o tempo das primeiras sesións de cada unidade e ao mesmo tempo posibilite traballar contidos con estudantes que non teñan ningunha base sobre a materia ou ben esta sexa mínima. Nas unidades que teñan un contido máis matemático, combinarase un método expositivo cun método demostrativo que permita amosar con exercicios resoltos a aplicación práctica dos contidos teóricos que se expoñen de forma verbal. Con isto perséguese poder adaptarse a aqueles estudantes que teñen un aprendizaxe e unha memoria máis visual.

Sen embargo, os dous métodos anteriores teñen importantes limitacións que se deben superar se se quere conseguir unha aprendizaxe real, como son a pasividade do alumnado, a inexistencia de unha retroalimentación alumno-profesor e a pouca atención á diversidade que implican. Por isto é preciso ampliar a metodoloxía docente seguida usando unha máis activa e participativa, buscando unha mellor asimilación do contido, autoavaliación por parte do estudante e mellora da súa autoestima, o aprendizaxe proba-error e aprender facendo, reflexión dos contidos e vinculación da aula e do seu entorno. Isto é o que se pretende, buscando en todo momento que o alumnado propoña cuestións de actualidade sobre os temas expostos, actividades con respostas abertas que dean lugar a diferentes interpretacións e a unha aprendizaxe mais autónoma.

Así mesmo, nas empresas é habitual a realización de tarefas de forma colectiva, polo que é indispensable que aprendan a traballar en equipo, desenvolver un pensamento crítico e un espírito de mellora constante. Para ilo, as actividades individuais, válidas para valorar o progreso na aprendizaxe persoal, complementaranse con outras por parellas ou equipos, coas que se traballen actitudes colaborativas e grupais, nas que se se poidan abrir debates que permitan desenvolver a capacidade de opinión do alumnado.

Débase superar unha formación baseada en moitas ocasións en coñecementos abstractos e buscar unha formación práctica, que inclúa exemplificacións, relacións de contidos ou unha verdadeira significación do material presentado, de forma que sexa aplicable á vida real e que ao mesmo tempo interese ao alumnado. Isto pódese alcanzar, entre outras vías, coa visualización de documentais, lectura de prensa ou entrevistas a persoas do entorno do estudante.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Economía 1º bacharelato. Editorial Galinova.
Ordenador portátil e proxector do centro.
Fotocopias facilitadas ao alumnado e material da aula virtual.

Os recursos didácticos empregados estarán formados polo libro de texto establecido polos membros do Departamento para o desenvolvemento e estudo da materia, así como calquera outro material considerado pertinente para a exposición, análise ou afondamento nos contidos das unidades e que serán facilitados ao alumnado. Empregaremos material dispoñible na rede (vídeos, noticias de prensa, etc) e presentacións elaboradas polo docente.

O principal recurso dixital que se empregara é a aula virtual do centro que servirá como plataforma para subir as presentacións empregadas na aula, tarefas resoltas e tarefas a elaborar polo alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, acórdase nunha reunión de centro, que a avaliación inicial só se realizará na E.S.O., pero a pesar desta circunstancia, durante a presentación da materia, farase unha breve entrevista co alumnado que servirá para coñecer os conceptos previos dos estudantes sobre a materia, especialmente vinculados á posibilidade de ter cursado a materia de Economía en 4º da E.S.O., ademais de ser un indicador da diversidade a tratar na aula. Os resultados servirán para adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos/as.

Sen embargo, ao ser o primeiro curso de Bacharelato podemos atoparnos con alumnado que non cursara materias vinculadas á Economía na etapa educativa anterior, afectando este feito á planificación de toda a materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

O proceso de avaliación trimestral estará dividido en varias etapas segundo o momento do tempo no que nos encontremos, para avaliar coa maior cantidade de información posible o proceso de aprendizaxe dos estudantes:

- **Avaliación procesual:** ao longo de todo o curso para levar a cabo un control permanente da aprendizaxe do alumnado e facer as correccións pertinentes no caso de que esta non sexa a desexada. Con esta finalidade propóñense actividades de aula (resolución de exercicios e problemas). Esta avaliación terá un peso do 30% na nota final do trimestre.

- **Avaliación final:** empregando probas obxectivas, para coñecer os resultados ao finalizar o trimestre e o curso e que complementará a avaliación procesual. Esta avaliación terá un peso do 30% na nota final do trimestre.

A cualificación de cada trimestre será a media ponderada da/s proba/s escrita/s e das actividades avaliadas desenvolvidas na clase. Para superar a avaliación a nota media debe ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

A cualificación global da materia na convocatoria ordinaria será a media aritmética das notas das tres avaliacións (sen redondeo). Para superar a materia, a nota final debe ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10 (sen redondeo). O alumnado que non acade o 5 na nota media deberá recuperar a/s avaliación/s suspensa/s no mes de xuño mediante unha proba escrita. A nota que acade nesta proba final substituirá á nota da avaliación trimestral que está a recuperar e será a nota desta última proba, a que se teña en conta para calcular a media global da materia de Economía.

A proba escrita, tanto da convocatoria ordinaria como a extraordinaria, poderá constar de preguntas de teoría,

cuestións e problemas, e será valorada sobre 10 puntos, tendo o estudante que obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para superar a mesma.

No caso de que se detecte que algún alumno/a está a copiar nun exame, retiraráselle a proba escrita e repetirase no momento que o docente o considere axeitado, podendo integrarse en outra proba da mesma avaliación.

No caso de que algún alumno falte a algunha proba de avaliación, deberá presentar a debida xustificación, seguindo o indicado nas NOFC.

É preciso destacar que, no caso de que se leve a cabo algunha actividade extraescolar, non se poderá faltar a clase sen a debida xustificación. No caso de non asistir a actividade, o alumnado deberá facer o traballo que o profesor indique.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, terá a opción de aprobala na convocatoria extraordinaria, na que a proba escrita supoñerá o 100% da cualificación do alumno/a. A proba escrita, tanto da convocatoria ordinaria como a extraordinaria, poderá constar de preguntas de teoría, cuestións e problemas, e será valorada sobre 10 puntos, tendo o estudante que obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para superar a mesma.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas**

No curso 2023/24 non existe alumnado nesta situación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A equidade é esencial se se pretende unha educación de calidade orientada ao éxito de todos. Todo docente, sexa cal sexa a materia que imparta, debe perseguir a boa evolución de todos os estudantes da súa clase, incluíndo polo tanto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A atención á diversidade busca que a intervención educativa se adapte ás diferenzas individuais do alumnado (valores, cultura, estilos e ritmos de aprendizaxe, motivacións, capacidades, coñecementos previos, etc.). Con esta finalidade no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, que regula a atención a la diversidad del alumnado en los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia, prevense unha serie de medidas ordinarias que teñen por finalidade facilitar a adecuación do currículo ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características dos estudantes, pero sen unha alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, sendo aplicables nesta materia:

- Adecuación da organización e xestión da aula.
- Adecuación das programacións didácticas.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.

O docente é responsable da aplicación das medidas xenerais que se deseñen para cada un dos estudantes con necesidade de apoio educativo, pero, tamén dependerá dun mesmo o adoptar as medidas necesarias para orientar a este alumnado na propia clase, sendo responsables de dirixir a súa aprendizaxe e ofrecerlles os apoios que necesiten. Para isto, ademais de ter os obxectivos claramente especificados en cada sesión, hai que partir dos coñecementos previos de cada estudante e para fomentalos, ao inicio de cada sesión, farase un breve recordatorio do visto para comprobar posibles erros de comprensión e o grao de asimilación dos contidos, realizando as correccións oportunas no menor tempo posible.

Coa fin de desenvolver actitudes e valores desexables, e tendo en conta as medidas ordinarias citadas anteriormente, en cada unidade didáctica preséntase a oportunidade de facer tarefas por parellas, por equipos ou de forma conxunta por toda a clase. Na aprendizaxe cooperativa foméntase a colaboración, pois cada estudante é responsable da súa aprendizaxe individual e da dos demais membros do grupo, aumentando tamén o seu coñecemento da tarefa e a comprensión dos contidos abordados, ao tempo que se fomenta o respecto cara á diversidade e a tolerancia, ao valorar outras opinións distintas das propias a través da interacción con outros estudantes ou desenvolvéndose habilidades de traballo en equipo.



A pesar da natureza grupal das actividades, o seguimento durante a súa realización realízase a título individual, podendo asesorar a cada estudante de forma separada segundo as súas dificultades no seu proceso de aprendizaxe. Como docente, ao empregar diferentes modelos didácticos (expositivo, demostrativo, aprender facendo) podemos adaptarnos ás necesidades dun maior número de alumnado.

Búscase tamén propoñer actividades o máis variadas posible e con diferentes graos de dificultade co obxectivo de ser intelectualmente desafiantes e motivadoras para todos os estudantes.

O docente debe estar en continua comunicación cos outros profesores do centro, especialmente con aqueles que cursen materias vinculadas á propia. Isto permitiralle un maior control sobre a aprendizaxe do alumnado e propoñer actividades en común para evitar a monotonía e a repetición entre materias. Tamén é fundamental que estea en permanente contacto co orientador do centro para supervisar os materiais ofrecidos ao alumnado e asesorar a nosa labor docente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora (CL)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita (EOE)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual (CA)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento (EMP)	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora (CL)	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita (EOE)	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual (CA)	X	X
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)	X	X
ET.5 - Emprendemento (EMP)	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
USC na aula	Exposicións por parte de docentes da USC de temas relacionados cos contidos das unidades didácticas		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A política fiscal nacional	Visita a un organismo da Facenda Pública para maior coñecemento da mesma coa axuda dun técnico de Facenda.			X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvéronse as unidades didácticas segundo a temporalización programada.
Traballáronse todos os contidos programados
Cumpríuse a temporalización de actividades programadas para cada sesión e unidade.
A/s actividade/s complementaria/s levouse a cabo segundo o programado.
Metodoloxía empregada
A falta de asistencia do alumnado supuxo un problema no cumprimento da programación.
Dáse información individualizada ao estudante dos progresos e dificultades atopadas
Proporcionábase ao alumnado rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai avaliar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades propostas ao alumnado foron suficientes para que asimilaran os contidos.
Os materiais e recursos didácticos empregáronse segundo o programado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuáronse as actividades, materiais e recursos didácticos aos alumnos con NEE.
Adecuáronse as actividades e contidos aos coñecementos previos observados na avaliación inicial.
A metodoloxía adecúase ás necesidades do alumnado e ás esixencias dos contidos traballados.
Outros
Presentáronse reclamacións ás notas.

#### Descrición:

O proceso de avaliación non só se limita ao alumnado. Tamén é preciso se queremos mellorar a práctica docente que o propio profesor sexa obxecto de avaliación. En base aos resultados obtidos, debe examinar a súa metodoloxía e realizar nela os cambios que sexan necesarios para favorecer as condicións que faciliten a todos e cada un dos seus alumnos unha aprendizaxe significativa. A isto faise referencia no artigo 33.4 do Decreto 86/2015, ao establecer que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica

docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas.

De cara a avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ao longo do curso, de ser posible ao rematar cada unidade didáctica ou como moi tarde ao finalizar o trimestre, iremos respondendo aos seguintes indicadores de logro recollidos na rúbrica seguinte, de forma que se a resposta a algún/s enunciado/s é non, deberá ser obxecto de actuación inmediata, para decidir, a partir dos resultados, propostas de mellora cara as seguintes unidades.

O proceso de autoavaliación completárase coa análise dos resultados académicos do alumnado e a súa opinión coa realización dunha enquisa ao finalizar o curso académico

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tal e como se detalla no apartado 8.1. deste documento, analizamos periodicamente o cumprimento da programación mediante o documento de seguimento da mesma, pero esta análise débese completar ao finalizar cada avaliación co estudo dos resultados académicos por grupos para propoñer medidas de reforzo se fosen necesarias. Ademais, tamén pode aportar información a comparación dos resultados académicos acadados polo alumnado na materia obxecto de programación cos obtidos nas demais materias, ao estar intimamente relacionada a outras ciencias sociais e científicas.

A opinión do alumnado terase sempre en conta e será recollida de xeito escrito ao finalizar o curso nunha enquisa de valoración, de forma que se poidan incorporar as achegas do alumnado á programación do ano vindeiro.

## **9. Outros apartados**